

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 15 de marzo de 2005 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de postos de directores de centros integrados de formación profesional.

O punto 5 do artigo 11 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, establece que a dirección dos centros integrados de formación profesional de titularidade das administracións educativas, será nomeada mediante o procedemento de libre designación, pola Administración competente, entre funcionarios públicos docentes, conforme os principios de mérito, capacidade e publicidade, unha vez consultados os órganos colexiados do centro.

Existindo centros integrados de formación profesional dependentes desta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nos que a dirección remata o mandato o 30 de xuño de 2005, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para nomear, polo sistema de libre designación, a dirección dos centros públicos integrados de formación profesional que se relacionan no anexo I.

Segundo.-Requisitos dos candidatos.

Para participar nesta convocatoria deberán reunirse os seguintes requisitos:

a) Ser funcionario de carreira do corpo de profesores de ensinanza secundaria ou do corpo de profesores técnicos de formación profesional.

b) Estar en situación de servizo activo.

c) Ter unha experiencia docente de polo menos cinco anos como funcionario de carreira.

d) Estar prestando servizos nun centro público ou organismo dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Terceiro.-Solicitudes.

A solicitude de participación nesta convocatoria dirixirase á Dirección Xeral de Persoal da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e presentarse no rexistro xeral desta consellería, nas súas delegacións provinciais, ou nas oficinas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Documentación.

Os aspirantes deberán xuntar á petición un curriculum vitae e xustificar, mediante certificación ou copia compulsada, os méritos que aleguen.

Ademais presentarán un proxecto de dirección que recolla a proposta directiva en relación coa liña do proxecto educativo do centro.

O proxecto non excederá os 30 folios DIN A4, nun tipo de letra: Times New Roman, espazo entre liñas: 1,5.

Quinto.-Programa de formación inicial.

1. Os candidatos seleccionados que non teñan a categoría de director deberán superar un programa de formación inicial, organizado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. O programa inclúe un curso teórico de formación, cunha duración mínima de cen horas, e incorporará no seu contido os aspectos fundamentais do sistema educativo, a organización, funcionamento e xestión dos centros docentes, a organización e xestión dos recursos humanos, procedementos de xestión administrativa e orzamentaria, a normativa en materia de centros, alumnos e profesores e outros aspectos relativos á función directiva e un período de prácticas, tutelado pola Inspección Educativa, que rematará coa presentación dunha memoria de resolución de casos prácticos.

3. Os profesores acreditados para o exercicio da dirección dos centros docentes públicos que non exercesen como directores ou o fixesen por un período inferior a tres anos, no caso de resultar seleccionados estarán exentos de realizar a fase teórica do curso de formación.

Sexto.-Nomeamento.

1. A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderán declararse desertas as direccións, de considerarse oportuno.

2. O delegado provincial procederá a nomear directores a aqueles candidatos seleccionados na resolución desta convocatoria que teñan recoñecida a categoría de director/a e a aqueles que superen o programa de formación inicial, por un período de tres anos, renovable.

Sétimo.-Renovación.

1. O nomeamento destes directores poderá renovarse, por petición dos interesados, por períodos de igual duración, ata o máximo de períodos que se estableza regulamentariamente, sempre que fosen avalidados positivamente no traballo desenvolvido.

2. Rematado o mandato e, se é o caso, os períodos de prórroga, será necesaria a participación nunha nova convocatoria de libre designación.

3. Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, o conselleiro de Educación e Ordenación Uni-

versitaria poderá cesar discrecionalmente os directores nomeados en virtude da presente convocatoria.

Oitavo.-Contra a presente orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de

xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Código centro	Centro	Localidade	Concello	Provincia
15032081	IES de Fene	Fene	Fene	A Coruña
15016000	IES Compostela	Santiago de Comp.	Santiago de Comp.	A Coruña
27010945	IES Porta da Auga	Ribadeo	Ribadeo	Lugo

ANEXO II

SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NA CONVOCATORIA DE LIBRE DESIGNACIÓN PARA A SELECCIÓN E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DOS CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

1.- DATOS PERSOAIS

PRIMERO APELLIDO	SEGUNDO APELLIDO	NOME
ENDEREZO (rúa, praza..., número, piso)		
LOCALIDADE (con indicativo postal)	PROVINCIA	TELF. FIXO
		TELF. MÓBIL

2.- DATOS DO DESTINO

DESTINO DEFINITIVO	CORPOESPECIALIDADE
DESTINO PROVISIONAL	CORPOESPECIALIDADE

3.- CENTROS DOCENTES QUE SOLICITA POR ORDE DE PREFERENCIA.

ORDE	CÓDIGO	CENTRO	CONCELLO
1			
2			
3			

En _____ de _____ de 20 _____

SINATURA

DIRECTOR XERAL DE PERSOAL

Resolución do 21 de marzo de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fai pública a adxudicación definitiva de destinos do concurso de traslados específico para cubrir prazas de xefatura do Departamento de Orientación, convocado pola Orde do 19 de outubro de 2004 (Diario Oficial de Galicia do 26 de outubro).

En aplicación do disposto na base décimo quinta da Orde do 19 de outubro de 2004 (DOG do 26

de outubro), pola que se convoca concurso de traslados específico entre funcionarios de carreira do corpo de mestres para cubriren prazas de xefatura do Departamento de Orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria e de educación primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer pública, no anexo I a esta resolución, a adxudicación definitiva dos destinos obti-